

## Concello de Viveiro

**EXPTE.- 4362/2022**

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Á vista da publicación no Boletín Oficial da Provincia número 159, de 13 de xullo de 2022, publica a convocatoria do proceso para a selección de persoal laboral temporal mediante a modalidade de contrato laboral de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos-Disposición Adicional quinta do Real Decreto-Lei 32/2021 (Modelo 406), ao amparo do Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, para a contratación de tres traballadores non incluídos no cadro de persoal do Concello.

Vistas as Bases Xerais, anexo e específicas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro ao amparo do convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería de Medio Rural e a Entidade Local de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, para a contratación de tres traballadores non incluídos no cadro de persoal do Concello, con número de expediente: 4362/2022.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 20 de xullo de 2022 nomeando aos membros do Tribunal do proceso selectivo para a contratación de tres condutores motobomba, non incluídos no cadro de persoal do concello.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 22 de xullo de 2022, na que se resolve a lista provisional de admitidos e excluídos dos aspirantes presentados a dito proceso.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 29 de xullo de 2022, na que se cita aos aspirantes do proceso selectivo de tres condutores de motobomba a realizar as probas físicas de esforzo obrigatoria para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.

Tendo en conta que unicamente se presentou un aspirante a dita proba de esforzo obrigatoria a cal foi superada por dito aspirante.

Tendo en conta que na convocatoria do proceso selectivo se ofertan tres postos de condutores de motobomba, ao amparo do Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.



## Concello de Viveiro

---

### RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Desistir do proceso selectivo para a contratación de tres conductores de motobomba, ao abeiro Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por dispoñer soamente de un conductor motobomba que superou a proba física de esforzo obrigatoria para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.

**SEGUNDO.-** Notificar a presente resolución aos interesados mediante a publicación do taboleiro de anuncios do Concello de Viveiro, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital, e a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do  
artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**

